

En Boiro, sendo as 11:15 horas do día 08 de novembro de 2019, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espíneira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes: Teresa Ferreirós Blanco, Beatriz Hernández Mato (Mariana Domínguez representa ao departamento no seu nome por ter exame), Víctor Saiáns Vázquez

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Valoración do funcionamento dos desdobres de 2º ESO.
3. Información sobre a rezonificación de Boiro.
4. Información sobre a creación da Anpa do instituto e posibles suxestión para a colaboración Anpa/IES.
5. Situación do proxecto Espazo Familias.
6. Información postura da inspección ante as vacantes no centro.
7. Tratamento recuperación pendentes.
8. Información sobre "Club Convive".
9. Organización Nadal.
10. Uso instalacións do centro.
11. Rogos e preguntas.

1. Procédese á lectura e aprobación da acta da anterior sesión celebrada o 13 de setembro de 2019.

2. Os asistentes coinciden en que os grupos de 2º da ESO que están desdoblados están a traballar ben, xa que o reparto foi equitativo.

3. A directora explica o comentado na reunión da rezonificación de Boiro con respecto ao cambio dos centros coa nova zonificación, así como a proposta do IES. Na reunión do Concello falouse de que Escarabote quede en Praia Barraña ou na Cachada, esta opción non interesa porque o alumnado non contarían con bus e habería moitos que si o precisan.

A postura do IES Espíneira é que Cespón e Escarabote deberían vir Espíneira. Esta proposta será levada ao consello escolar municipal, figura que se volve a poñer en marcha este ano. As ANPAs propoñen que o próximo curso se poñerá en marcha aínda que parece algo precipitado.

4. Mariana informa de que se creou a ANPA no centro despois de moitos anos sen contar con ela. A presidenta da ANPA é Yolanda Cadabal, nai de Nuria e Uxía Tubío Carabal. Hai unha caixa de correo no centro para propoñer suxestións a ANPA.

A primeira actividade que propoñe a ANPA é facer unha andaina o próximo 25 de novembro para conmemorar o día en contra da violencia de xénero. A idea inicial da ANPA era que fose unha actividade para todo o centro, pero finalmente será unha actividade para o alumnado da ESO e FPB. Para ese día a profesora Montse Vázquez está a organizar unha actuación que ía ser no centro pero se se leva a cabo a andaina farase na praza do Concello. Quedamos pendentes de que a ANPA nos confirmen a duración e o recorrido.

5. A directora comenta que o proxecto Espazo Familias é un proxecto común cos outros centros de Boiro que se ideou para facer intervencións e charlas de persoas externas nos centros financiadas polo concello. A temáticas das charlas é variada: aceptación da frustración, alimentación saudable, etc... O concello non conta con presuposto co que finalmente serán financiadas polos PFPP dos centros. A primeira intervención será sobre alimentación. O curso pasado realizáronse na casa da cultura de Boiro.

6. A directora informa sobre a postura de inspección ante as vacantes no centro. A idea inicial de inspección era a de suprimir unha das prazas de do ciclo medio de instalacións de telecomunicacións (CMIT) e unha praza dos ciclos Administración. Despois das negociacións de Mariana a praza que ocupa Bertín Parga (profesor que ten praza fora de Galicia) no CMIT será suprimida, quedando o ciclo con 2 profesores definitivos, Manuel Feijoo Buceta e Sonia Antelo Méndez, debido a que durante este curso non se está a impartir 1º CMIT pola falta de matrícula do alumnado. En canto ás prazas de Administración quedarán como están actualmente, 6 profesores definitivos e non se suprimirá ningunha.

Non sairá no concurso de traslados deste curso ningunha praza nova. Manuel Pimentel pregunta se sae a praza de Música, pero coa baixa carga lectiva do departamento non sairá. Encarna Domínguez consulta se saen máis

prazas coa ampliación da zonificación, pero como non é fixo que suceda para o próximo curso non se prevé esta ampliación de prazas durante este concurso de traslados.

7. A xefa de estudos informa de que os plans de recuperación de pendentes (PRP) seguen o esquema aprobado durante a Comisión de Coordinación Pedagóxica do 8 de marzo do 2013 e propoñe modificar o punto dos responsables do PRP. Na comisión do 8 de marzo do 2013 redactábase da seguinte forma: "5. Responsables do PRP: profesores do curso actual, xefe de departamento, profesor do PMAR...". No IES Espiñeira temos varios profesores que imparten materias afíns que non son do seus departamentos, co que resulta complicado responsabilizarse do PRP de cursos anteriores aos que están a impartir. Apróbase nesta CCP modificar ese punto por: "5. Responsables do PRP: decidírase dentro de cada departamento docente."

Sonia tamén comunica que os PRP recibidos están publicados na páxina web do centro e amosa o calendario de avaliacións de materias pendentes. Neste calendario unífanse as datas de avaliación e entrega de notas das materias pendentes coas datas de avaliación e entrega de notas das materias ordinarias. Durante a 1ª e 2ª avaliación cada profesor poderá determinar as datas de probas/exames/entregas e na 3ª avaliación (maio) poderá haber un exame específico por cada materia naquelas nas que o profesorado así o considere oportuno. Co fin da non coincidencia de horas de exames, a xefatura de estudos entregará o calendario de maio para as materias que lle sexan comunicadas. O profesorado fará os exames das pendentes 2 semanas antes dos exames ordinarios.

Paloma Ruipeírez pregunta se é obrigatorio poñer unha nota nas materias pendentes durante a 1ª e 2ª avaliacións. Algún profesor responde que non é obrigatorio. A xefa de estudos queda pendente de confirmar a obrigatoriedade e se non o é será decisión de cada profesor poñer unha nota ou non nas actas/boletíns desas avaliacións.

8. A directora informa que o club Convive é un seminario para que o alumnado novo no centro sexa titorizado por alumnado veterano no proceso de adaptación ao centro. A profesora Lucía Somoza é a coordinadora do club Convive.

9. A directora comenta que este curso haberá festival de Nadal e a vicedirectora informará mais adiante sobre a planificación do día.

10. Mariana recorda que o alumnado debe coidar as instalacións do centro, o material e recorda aos asistentes que o alumnado non pode andar libremente polo corredor de dirección/departamentos.

11. Durante os rogos e preguntas a profesora Margarita Fernández informa de que no próximo claustro propoñerá o cambio de nome da aula de latín e ofertar a materia de Mitoloxía como optativa de centro en 1º de Bacharelato para o próximo curso. A profesora Mar Domínguez propoñe a posibilidade de crear aulas materia xa que ela dispoñe dunha biblioteca na súa aula e é complicado trasladala polos distintos grupos.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 11:40 horas.

A DIRECTORA
Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

A SECRETARIA
Asdo.: Sonia Antelo Méndez